



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 12:03:04

SAIDA **3391/21**

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 116/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 2 de novembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 2 de novembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de San Cristovo de Cea, de información referente a retranqueos, clasificación do solo e información relativa á legalidade urbanística de determinadas parcelas.

A reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude de acceso á información, polo que considera que a conduta assumida polo Concello de Cea non asume a finalidade que coa regulación da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo governo se pretende.

Segundo. Con data do 18 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de San Cristovo de Cea para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 20 de xaneiro de 2021 o Concello de San Cristovo de Cea contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Informa o Concello que dado que o que se solicita é que se emita informe sobre retranqueos, clasificación do solo e información relativa á legalidade urbanística de varias parcelas, deuse

traslado da solicitude ao arquitecto municipal, e unha vez elaborados os informes con data do 1 de decembro de 2020, foron remitidos á interesada con data do 4 de decembro de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzcan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada remitíuselle a notificación con data do 4 de decembro de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 2 de novembro de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada presentou unha solicitude de acceso á información sobre retranqueos, clasificación do solo e información relativa á legalidade urbanística de determinadas parcelas, que requirió a elaboración dun informe específico por parte do arquitecto municipal, que foi remitido ao interesado no mes de decembro de 2020, polos motivos que o secretario do Concello xustifica no seu informe.

De conformidade co disposto no artigo 5.d) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, os cidadáns teñen dereito a ser informados pola Administración competente, de forma completa, por escrito e en prazo razonable, do réxime e das condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, nos termos dispostos na súa lexislación reguladora.

De acordo co anterior, se ben a [REDACTED] ten dereito a que se lle informe, de acordo coa normativa en materia urbanística, das condicións aplicables a determinadas parcelas, non se pode considerar que a súa solicitude sexa unha solicitude de acceso á información amparada pola normativa de Transparencia, xa que non está a solicitar un contido ou documento que obre en poder da Administración municipal, senón a elaboración dun informe urbanístico específico sobre unhas parcelas. A finalidade da súa solicitude non é por tanto a de coñecer como se toman as decisións públicas ou como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as Institucións, senón obter unha concreta información urbanística. Por tanto, non se pode considerar a súa solicitude como unha una solicitude de acceso á información pública amparada pola normativa en materia de Transparencia, senón unha solicitude a unha Administración de emisión de informe específico sobre unha materia concreta, que o Concello xa lle remitiu unha vez elaborado polo arquitecto municipal.

Carecendo por tanto a Comisión da Transparencia de Galicia de competencias en procedementos de solicitud de obtención de información sobre a situación urbanística dunha parcela, procede, de conformidade co disposto no artigo 116.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a inadmisión da reclamación presentada.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 2 de novembro de 2020, contra a falla de contestación á súa solicitude ao Concello de San Cristovo de Cea, de información referente a retranqueos, clasificación do solo e información relativa á legalidade urbanística de determinadas parcelas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:36:46 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.